

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DE GASTO

Órgano que propón a contratación:

Presidencia do CIXUG

Expediente	CX-24-03
Cualificación do contrato	Servizos
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Si
Financiado con Fondos Europeos	Non

Na reunión do Consello de Goberno celebrada o pasado 05 de decembro de 2023 aprobouse por unanimidade, dentro do apartado 7.4 e 7.5 da orde do día de dito consello, diversos procesos de licitación a desenvolver durante o ano 2024, entre os que se encontraba o relativo ao expediente de contratación do servizo de asistencia técnica para o análise e xestión de alertas que produza a plataforma SIEM do proxecto UniSOC para as Universidades públicas que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en diante as Universidades do SUG.

CONSIDERACIÓNS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolvan. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.
2. Polos servizos xurídicos e técnicos foron elaborados os pregos de bases

xurídicas e de prescricións técnicas.

3. O gasto condicionouse á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios **2025, 2026 e 2027**.
4. O órgano de contratación é o presidente do Consorcio CIXUG.
5. Consta a existencia do informe acerca da necesidade e idoneidade da contratación, así como sobre a insuficiencia de medios.

En virtude de todo o exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar o expediente de contratación do servizo de asistencia técnica para o análise e xestión de alertas que produza a plataforma SIEM do proxecto UniSOC para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), no período 2025 ao 2027, cuxo orzamento base de licitación ascende a **230.142,00 € IVE** incluído.
2. Aprobar os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación.
3. Autorizar o gasto para a execución do contrato condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios **2025, 2026 e 2027**.
4. Acordar a apertura do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela á data da sinatura electrónica,

D. Antonio López Díaz
Presidente